

DESIGNACIÓN DA COMISIÓN DE PRESELECCIÓN DA DÉCIMA CONVOCATORIA DO PREMIO AGADER ÁS INICIATIVAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

O 14 de decembro de 2018 o director xeral de Agader aprobou as bases reguladoras dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural e convocou para o ano 2019 a décima edición dos premios (DOG nº 31 do 13 de febreiro de 2019).

O artigo 11 das ditas bases reguladoras establece a posibilidade de constituír una comisión de preselección, integrada por aqueles membros do xurado que designe a persoa titular da Dirección Xeral de Agader mediante resolución ditada para o efecto. A comisión de preselección encargárase, de ser o caso, de estudar e revisar a documentación que integra as candidaturas e de preseleccionar as iniciativas, de acordo cos criterios establecidos no artigo 12 das bases, así como de decidir sobre aquelas incidencias que poidan xurdir no exercicio destas funcións.

De acordo co anterior,

RESOLVO

Constituír a comisión de preselección da décima convocatoria do premio Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural, que estará formada por:

María José Fernández Varela, xerente do GDR Ulla, Tambre, Mandeo
Javier Blanco Carballal, subdirector de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural
Alejandro Sánchez de Dios, subdirector de Mobilidade de Terras

Santiago de Compostela
O director xeral de Agader
(asinado electronicamente)
Miguel Ángel Pérez Dubois

